

Acta da sesión extraordinaria da Corporación do Concello de Cerceda celebrada o día 19 de agosto de 2019.

Na Sala de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Cerceda (A Coruña), sendo as oito horas e quince minutos do día 19 de agosto de 2019, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria previamente convocada ó día da data, para a que foron previamente citados.

Asistentes:

Grupo Municipal Socialista:

D. José García Liñares.
D. Juan José Rodríguez García.
Dna. Cristina Capelán Cancelo.
D. Francisco Javier Boquete Cambón.
Dna. María Carmen Martínez Barreiro.
D. Jesús Rama Bello
Dna. Catrina Queijo García

Grupo Municipal Popular:

Dna. Celia López Pallas.
Dna. Luz M^a Bello Vazquez
D. Jesús Picon Pardo

Grupo Municipal Mixto:

D. Alberto Sánchez Regueiro.

Secretaria accidental: M^a Julia Loureiro Pereiro.

Interventora: Pilar Martínez Villar.

Non asiste a concelleira do Grupo Municipal do PP, Dna. Lorena Bello Juncal e D. José Francisco Santos Regueiro.

A Presidencia, tras comprobar nos términos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 46.2 c. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, para a válida celebración das sesións do Concello Pleno, declara aberta esta, pasándose ó estudio dos asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

Primeiro: Aprobación, se procede, da Proposta ditaminada da Alcaldía-Presidencia de aprobación de préstamo para financiamento de inversións.

Segundo: Aprobación, se procede, da proposta ditaminada da Alcaldía-Presidencia de suplemento de crédito 22/2019.

Primeiro: Aprobación, se procede, da Proposta ditaminada da Alcaldía-Presidencia de aprobación de préstamo para financiamento de inversións.

O Sr. Alcalde da lectura a proposta :

“Mediante providencia desta Alcaldía se iniciou procedemento para concertar unha operación de préstamo a longo prazo para o financiamento dunha serie de obras (o seu detalle incorpórase como anexo ó expediente 2019/X999/000279) que é necesario licitar ó longo deste ano, obras financiadas con aportación doutras administracións, as cales carecen de crédito suficiente para poder ser aprobadas con cargo o orzamento prorrogado actualmente en vigor, así como para outros investimentos pendentes de acometer, de acordo coas seguintes características:

- O importe da operación de préstamo ascende a 2.662.558,30€.
- O prazo da operación é de 6 anos (2 anos de carencia + 4 de amortización)

Constan no expediente informes de intervención, 331/2019 e 332/2019 de 13/08/2019.

Propónse a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO. Solicitar o préstamo mencionado, por importe de 2.662.558,30€, por un prazo de 6 anos (2 anos de carencia + 4 de amortización)

SEGUNDO. Aprobar os pregos de condicións reguladores da operación de préstamo a solicitar que figuran no anexo, por importe de 2.662.558,30€, así como o inicio do expediente de contratación da Entidade Financeira que subministrará os fondos precisos para realizar os investimentos previstos con cargo o mesmo.

TERCEIRO: Publicar anuncio da operación no BOP.

CUARTO: As entidades financeiras interesadas poderán presentar as súas ofertas no Rexistro do Concello en sobre pechado e firmados polo licitador ou persoas que o representen ata o día 11/09/2019, ás 14.00 horas, segundo as condicións establecidas no prego de condicións, xuntando a documentación esixida nos mesmos”.

Intervencións que se citan:

O Sr. Alcalde toma a palabra para expoñer o relativo o informe dicindo que o PP e o BNG falan tanto no escrito presentado no Concello, na Comisión Informativa de Contas e na prensa de Informe Técnico preceptivo do Secretario Municipal sin especificar, para nada, en que artículo se basan para dicir esto. Que consultou verbalmente o asunto con SEIS secretarios de concellos da provincia e a súa opinión é que non fai falta porque: O artigo 52.2 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais dí textualmente: “previo informe de Intervención” nada dí de informe de Secretaría. Non aparece este suposto entre os que si necesitan previo informe do Secretario, e que están recollidos no artigo 3 do RD 128/2018 que regula o Réxime Xurídico dos habilitados nacionais. A aprobación das operacións de préstamo non precisa de maioría absoluta, según o artigo 47.2 da Lei 7/85 Sí precisan acordo plenario, conforme ó artigo 52.2 del TRLRHL si superan o 10% dos recursos corrientes liquidados do exercicio anterior.Consultada unha circular da Secretaría do Estado de Hacienda sobre éste tema, tampoco contempla o informe de Secretaría.No obstante e en aras da maior seguridade xurídica, o alcalde pediulle á Secretaria accidental ese informe que obra no expediente (si queren un receso de 5-10 m. non hai inconveniente) En calquera caso, trátase de un informe de procedemento nada máis. O informe que entra no fondo do asunto é o de intervención que por certo é favorable.

A concelleira Sra. López Pallas, anuncia o seu voto en contra, e asegura que o pasado viernes pediron a desconvocatoria do pleno, todo elo pola inhabilitación do Sr. Alcalde que seguindo o informe emitido polo Secretario con respecto da primeira sentencia a súa situación é a de incompatibilidade. Os concelleiros non sons nin xuristas nin temos asesores e queremos que o Secretario informe o asunto.Agosto é practicamente un mes inhábil non se ve a urxencia nin a necesidade de solicitar un crédito. Se non se pode atender a todas as inversións haberá que priorizar e vixiar o gasto, non se pode estirar o pe máis que a manta, porque hipotecar o Concello é excesivo. E dicir que sobre a situación xurídica poñerose en coñecemento da Fiscalía.

O concelleiro do BNG, Sr. Sánchez Regueiro non cuestiona que poidera ser necesario pedir un crédito, pero que non vai constir que tendo maioría absoluta non se teñan aprobado os presupostos. Asegura que o Concello estivo paralizado mentras era sentenciado, agora volve a non deixar o seu posto coama un neno caprichoso. E recomenda os compañeiros do PSOE tomar medidas na súa casa.

O Sr. Alcalde contesta que o Partido Popular sempre ten argumentos para dicir o contrario do que di o goberno, na ultima sentencia estiven no posto dende o 27 de decembro ó o 27 de febreiro. Asegura que non sabe o informe que quere saber, os Tribunais terán que volver a pronunciarse. A solicitude do prestamo ten presa xa que de non facelo non se poderán licitar as obras, que teñen prazos moi curtos. Tamén se espera que presenten alegacións para paralizar. Non ten importancia que o aprobe eu ou o aprobe outro. Con referencia a vixiar o gasto asegura que xa se fai, que só se debe un 7,23% do PAI que posiblemente se condonará. Con respecto o BNG sorprendelle que siga o criterio do PP, e asegura que non se fixeron os presupostos porque o impediron, tódolos datos do presuposto recibíunos a Intervención no mes de xaneiro, despois o Concello estivo paralizado, quería aprobar o presuposto pero non se puido. A maioría destes cartos son de subvencións que hai que adiantar antes, pero que se devolven en canto as paguen. O Concello estivo paralizado por que Vds. Quixeron, aquí falou o pobo e non lles ou a razón, son Vds. Os que antidemocráticae e anticonstitucionalmente actuaron como o fixeron. Un minuto despois de que o meu grupo me pida que me vaia voume, a xente refrendounos. O que pretendemos non é cousa rara ninguha é o único camiño que temos para facelo.

A concelleira Sra. López Pallas insiste na pouca información referente os prazos que poida haBer, que sí se sabia antes, Vd sabía os prazos, non se via nin urxente nin necesario. Referíndose a incompatibilidade a asegura que a lei é clara e hai que cumplila non é inconstitucional mentras non se declare. Cree que deberían pedilo os partidos, que non sabe porque ninguen o leva.

O concelleiro Sánchez Regueiro asegura que o BNG non impediu ndada neste concello, que o palizaou Vd e o PSOE, que si propuxeran outra persoa habería menos problema. E insiste en que tendo maioría absoluta deberían ter aprobado os presupostos, que é o Alcalde o que paraliza o Concello.

O Alcalde toma a palabra para dicir que os prazos das obras son seis meses para a redacción do proxecto e seis meses para obra, todo ten que ser dentro deste ano natural, as obras do POS deuse conta sempre ó Pleno, e hai obras que son urxentes é necesarias. Recoñece que teñen a maioría pero que a oposición fixo todo o imposible por impedilo, que foron executores de algo no que non tiñan parte, que a el realmente dalle igual seguir 3 ou 4 meses mais, que en casos similares chegaron o TS e nun caso saiu ben e noutro saliu mal, con respecto a esto hai moitos informes de diferentes tipos. Con presuposto ou sin el haberá que chegar aquí, hai un desfase importante ingresos e gastos. Xa abandonarei cando toque, recoñezan que o que queren é paralizar o Concello e armar barullo.

Sometido a votación o asunto resulta paraobado por sete votos a favor e catro en contra.

Segundo: Aprobación, se procede, da proposta ditaminada da Alcaldía- Presidencia de suplemento de crédito 22/2019.

O Alcalde-Presidente da lectura o acordo que se pretende adoptar:

“Á vista da providencia desta Alcaldía na que se iniciou procedemento para concertar unha operación de préstamo a longo prazo para o financiamento dunha serie de obras (o seu detalle incorpórase como anexo ó expediente 2019/X999/000279) que é necesario licitar ó longo deste ano, obras financiadas con aportación doutras administracións, as cales carecen de crédito suficiente para poder ser aprobadas con cargo o orzamento prorrogado actualmente en vigor, así como para outro sinvestmentos pendentes de acometer, de acordo coas seguintes características:

- O importe da operación de préstamo ascende a 2.662.558,30€.
- O prazo da operación é de 6 anos (2 anos de carencia + 4 de amortización)E dado que precisamente este préstamo servirá para financiar un suplemento de crédito para financiar as inversións nel incluídas, co seguinte detalle:

Estado de gastos:

APLICACIÓN	PROXECTO	DENOMINACION	IMPORTE
171.60900	218/2/DIPU/1/1	ACONDICIONAMENTO ZONA VERDE POLIGONO	31.210,81
1531.61900	2018/2/POS18/5	MDIFICADO ACCEOS CPI O CRUCE	122.383,63
453.61900	2017/2/POS17/3	ACCESOS POLIGONO DP 2402	34.739,18
165.61900	2019/2/IDAE/1/1	EUROPA:ALUMEADO EXTERIOR RODIS-XESTEDA-QUEIXAS	700.000,00
333.62200	2019/2/IDAE/1/2	EUROPA REHABILIACION E MELLORA ENERXETICA	223.257,93
3321.62200	2019/2/IDAE/1/3	EUROPA: REHABILIACIÓN E MELLORA ENERXETICA: BIBLIOTECA MUNICIPAL	83.491,16
933.62200	2019/2/IDAE/1/4	EUROPA: REFORMA DE CASA CONSISTORIAL	336.412,49
1531.691900	2019/2/IDAE/1/5	EUROPA SENDAS PEONIS	999.498,00
330.62200	2019/2/XUNTA/2/2	LOCAL SOCIAL DE XESTEDA	36.565,10
342.62200	2019/4/AYTO/1/1	AIRE ACONDICINADO PISCINA	95.000,00
TOTAL			2.662.558,30

Estado de ingresos (financiación)

CONCEPTO DE INGRESOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
913.00	Préstamo a longo prazo	2.662.558,30
TOTAL		2.662.558,30

Segun o establecido no artigo 177 do TRLFL, propoño ó Concello-Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 22/2019, de suplemento de crédito financiado con operación de crédito, para aprobar as inversións que se pretenden financiar coa mesma.

2.Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserto no BOP, por quince días hábiles,durante os que os interesados ponderarán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas

3.Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo da mesma a nivel de capítulos no tablón de anuncios e no BOP.

4.Remitir copia do expediente aprobado, e das reclamacións, á Administración do Estado e á Xunta de Galicia.”

Non se producen intervencións.

Sometido a votación o asunto resulta aprobado por sete votos a favor e catro en contra.

Non habendo mais asuntos que tratar levántase a sesión, da que eu secretaria accidental extendo a presente acta, sendo as oito horas e cincuenta minutos.